

Programación 5º Educación Infantil

Curso 2021-2022

Titora: Lara González Estévez
CPI Cabo da Area

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. CONTEXTUALIZACIÓN	3
2.1. Características do centro.	3
2.2. Características da aula.....	4
2.3. Características do alumnado.....	5
3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	6
4. OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN	6
4.1. 1º TRIMESTRE: “OS PITIÑOS”	6
4.2. 2º TRIMESTRE: DA CABEZA AOS PÉS	13
4.3. 3º TRIMESTRE: “DE SEMENTE A ÁRBORE”	19
5. METODOLOXÍA	25
6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	29
7. AVALIACIÓN	32
7.1. Momentos	32
7.2. Instrumentos	33
7.3. Avaliación da programación e da práctica docente.....	34
8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	34
9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	36
10. ADAPTACIÓN AO ENSINO TELEMÁTICO.....	36
11. REFERENCIAS NORMATIVAS	37

1. INTRODUCCIÓN

Na Orde do 25 de xuño de 2009 que regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo de Educación Infantil defínese a programación didáctica como o instrumento específico de planificación, desenvolvemento e avaliación de cada unha das áreas do currículo.

A presente programación está deseña para a súa posta práctica na aula de 5º de educación Infantil do CPI Cabo da Area no curso 2021-2022.

Para a súa elaboración baseeime tanto na lexislación educativa vixente, destacando a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación e as súas modificacións, o Real Decreto 1630/2006 do 29 de decembro de ensinanza mínimas para o 2º ciclo de EI, o Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Infantil en Galicia e a Orde de avaliación do 25 de xuño de 2009. Do mesmo xeito, tiven tamén en conta os principais documentos de xestión do centro: o Proxecto Educativo, a Programación Xeral Anual, as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia e a Programación Didáctica de Ciclo.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

2.1. Características do centro.

O CPI Cabo da Area engloba tres etapas diferentes (Educación Infantil, Primaria e Secundaria) repartidas entre dous edificios (un para EI e EP e outro para ESO). O primeiro edificio conta con dez aulas, unha para cada nivel excepto 5º que é neste momento liña dous.

Actualmente contase con Departamento de Orientación propio do centro, así como mestras especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

No referente ás instalacións conta con ximnasio, aula de usos múltiples, aula de informática, aula de música, aula de idiomas, aula de audición e linguaxe, biblioteca, patio cuberto, patio de area e patio de cemento.

En canto aos servizos complementarios, o centro dispón tanto de comedor con cocina propia como como de transporte; facendo a inmensa maioría do alumnado uso de ambos servizos xa que o horario do centro é de xornada partida (de 09:30 a 12:50 e de 14:40 a 16:30).

En canto o horario da aula, seguindo o establecido no Orde do 25 de xuño do 2009 as tras áreas abórdanse de xeito globalizado, contando unicamente con sesións específicas de lingua estranxeira (equivalente a unha sesión semanal), música (dúas sesións semanais impartidas pola mestra especialista coa colaboración da auxiliar de conversa), relixión/atención educativa (unha sesión semanal) e psicomotricidade (impartida pola titora, unha sesión semanal).

O entorno do centro é a vila de Laxe, na Costa da Morte, dotada de instalacións como biblioteca, centro de saúde, supermercados, lonxa, praia... A proximidade tanto de aldeas como de núcleos urbanos permitiranos realizar experiencias en ambos ámbitos sen necesidade de grandes desprazamentos.

2.2. Características da aula.

A aula está situada na planta baixa do edificio de EI e EP e destaca na súas características que conta con baño propio dentro das mesma o que facilita todas as actividades relacionadas coa hixiene e as necesidades básicas dos nenos e nenas.

A aula está dotada dos materiais e recursos necesarios para realizar todas as actividades propostas. Está distribuída con intencionalidade educativa en

diferentes recunchos de traballo e xogo (arte, biblioteca, xogo simbólico...) e os materiais organizados segundo a zona onde van ser utilizados coa fin de favorecer a autonomía do alumnado e a atención ás diferentes necesidades.

2.3. Características do alumnado

A aula á que vai dirixida esta programación está composta por oito alumnos e alumnas. Ao tratarse do 5º curso da etapa de EI case todos teñen cumpridos os catro anos e, os que non, están a punto de cumprilos durante o primeiro trimestre. Os oito cursaron o primeiro curso do ciclo no mesmo centro e presentan xa unha boa adaptación.

Para que a intervención educativa sexa a máis axeitada é fundamental coñecer os diferentes ritmos, necesidades, estilos de aprendizaxe... do alumnado. Para iso partirei de dúas fontes fundamentais: en primeiro lugar a información recollida a través das entrevistas coas familias, avaliación inicial, informes de cursos pasados.... e en segundo, as características desta etapa evolutiva seguindo as aportacións de autores como Piaget, Osterrieth, Vigotsky, Montessori...

Destacar a presenza dentro da aula de varios alumnos e alumnas que presentan un desenvolvemento da linguaxe oral un pouco por debaixo do que cabería esperar, así como a dun alumno recentemente diagnosticado cun TXD.

Por último, destacar que a lingua vehicular da aula é a galega, xa que é a lingua inicial maioritaria na aula, seguindo o establecido na Lei de Normalización Lingüística 3/1983 do 15 de xuño e no Decreto 79/2010 do 20 de maio. Sen embargo e seguindo a mesma lexislación, a atención individual realizarase na lingua inicial de cada neno ou nena e realizaranse actividades para fomentar a adquisición oral da ambas.

3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Esta programación levarase a cabo ao longo do curso 2021-2022, organizando os seus elementos en torno a tres proxectos principais, coincidindo con cada un dos tres trimestres do curso escolar que englobarán os seguintes eixos temáticos:

- **1º trimestre: Os pitiños** (os animais, outono e inverno, a familia...).
- **2º trimestre: Da cabeza aos pés** (esquema corporal, hábitos de hixiene, as profesións...)
- **3º trimestre: De semente a árbore** (as plantas, a primavera, os alimentos...)

4. OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4.1. 1º TRIMESTRE: “OS PITIÑOS”

Partindo da ambientación da aula (este curso somos a aula dos pitiños) aproveitaremos para abordar os contidos relacionados cos animais e as súas características, así como os relacionados co restablecemento de rutinas, funcionamento da aula... Ademais, partindo dos diferentes hábitats e os cambios producidos no entorno inmediato traballaremos tamén os elementos mais representativos do outono e o inverno.

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.

OBXECTIVOS

- Adaptarse ás rutinas e aos horarios da aula.
- Recoñecer a pertenza ao grupo- clase.
- Diferenciar os diferentes materiais da aula e colaborar no coidado e orde.
- Desenvolverse con progresiva autonomía nas actividades cotiás.

- Adaptar o movementos e a postura ás diferentes situacións.
- Identificar e comunicar sentimentos e necesidades propios, respectando as alleas.
- Avanzar no control da motricidade grosa.
- Coñecer e aceptar progresivamente as regras dos xogos.
- Aumentar o control e precisión en habilidades motrices finas.
- Manter a atención e concentración na realización de tarefas sinxelas.
- Desenvolver as capacidades de observación, atención e memoria.

CONTIDOS

- Asunción de pequenas responsabilidades na aula.
- Hábitos axeitados de orde e limpeza.
- Autonomía na realización de tarefas sinxelas.
- Progresivo control da postura en función das diferentes situacións.
- Identificación e expresión de necesidades, sentimentos...
- Interese por comunicar as propias vivencias e opinións.
- Precisión na realización de tarefas que impliquen motricidade fina.
- Representación dos principais elementos do esquema corporal.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece e lembra as diferentes rutinas da aula.
- Recoñecese como membro do grupo clase.
- Colabora no mantemento da orde e limpeza da aula.
- Desenvólvese con progresiva autonomía no entorno escolar.
- Adapta a súa postura e a súa actividade ás diferentes situacións,
- Identifica e comunica os propios sentimentos e necesidades.
- Aumenta o control sobre o movementos global do corpo.

- Respecta as normas de xogos sinxelos.
- Realiza actividades que implican a motricidade fina con progresiva precisión.
- É capaz de manter a atención en períodos breves.
- Presta atención ás explicacións do mestre.
- Mellora na representación do esquema corporal.

COÑECEMENTO DO CONTORNO.

OBXECTIVOS

- Recoñecerse parte integrante dun grupo.
- Identificar os espazos que hai na aula.
- Coñecer e aceptar as normas básicas de convivencia na aula.
- Discriminar as formas xeométricas básicas: círculo, cadrado, triángulo.
- Descubrir as propiedades dos obxectos (cor, forma...) mediante a experimentación activa, establecendo relacións entre eles.
- Asociar a cantidade e a grafía dos números 1, 2, 3 e 4.
- Iniciarse na utilización dos números ordinais: 1º, 2º, 3º e 4º.
- Comprender o concepto de par.
- Recoñecer e discriminar os conceptos: grande, pequeno, mediano / diante, detrás / enriba, debaixo / moitos, poucos / dentro, fora.
- Completar series de cores.
- Ordenar secuencias temporais.
- Identificar as principais características dos animais.
- Clasificar animais, agrupándoos según criterios de alimentación, tipo...
- Tomar conciencia da importancia de respectar os animais e as plantas.

- Observar as consecuencias dos cambios do tempo atmosférico na paisaxe e na vida cotiá.
- Coñecer celebracións típicas: o Magosto, o Samaín, Nadal...

CONTIDOS

- Sentimento de integración no grupo.
- identificación dos materiais e espazos da aula.
- Normas básicas de convivencia na aula.
- Seriación atendendo a criterio de cor.
- Formas xeométricas: círculo, cadrado, triángulo.
- Establecemento de relacións espaciais entre si mesmo e outros obxectos.
- Experimentación das propiedades dos obxectos (cor, forma...).
- Asociación da cantidade e grafía dos números 1, 2, 3 e 4.
- Iniciación na utilización dos números ordinais: 1º, 2º, 3º e 4º..
- Concepto de par.
- Discriminación dos conceptos: grande, pequeno, mediano / diante, detrás / enriba, debaixo / moitos, poucos / dentro, fóra.
- Diferentes tipos de animais: aves, mamíferos...
- Clasificación dos animais segundo alimentación, reprodución...
- Actitude crítica ante as accións prexudiciais para o medio ambiente.
- Identificación na contorna dos cambios producidos co paso das estacións.
- Interese por coñecer e participar en celebracións tradicionais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñécese parte integrante dun grupo.
- Identifica os espazos que hai na aula.
- Coñece e acepta as normas básicas de convivencia na aula.

- Discrimina as formas xeométricas: círculo, cadrado, triángulo.
- Coñece a situación espacial de si mesmo/a e dos obxectos segundo diversas nocións.
- Descubre as propiedades dos obxectos (cor, forma...) mediante a experimentación activa, establecendo relacións entre eles.
- Asocia a cantidade e a grafía dos números 1, 2, 3 e 4.
- Iniciouse na utilización dos números ordinais: 1º, 2º, 3º e 4º.
- Comprende o concepto de par.
- Recoñece e discrimina os conceptos: grande, pequeno, mediano / diante, detrás / enriba, debaixo / moitos, poucos / dentro, fora.
- Completa series de cores.
- Ordena secuencias temporais.
- Coñece as características básicas dos animais.
- Clasifica animais atendendo a criterios sinxelos.
- Conciencia da importancia de respectar os animais e as plantas.
- Coñece celebracións típicas da nosa localidade: Magosto, Samaín, Nadal...

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

- Comprender ordes sinxelas.
- Ordenar imaxes dunha mesma secuencia.
- Respectar as normas que rexen o intercambio lingüístico: atención, quenda de palabra...
- Coñecer e interpretar cancións típicas das celebracións.

- Achegarse á literatura infantil comprendendo, reproducindo e recreando textos sinxelos de contos e poemas.
- Adquirir vocabulario relacionado cos animais, o outono, o Nadal.
- Recoñecer a grafía e o son das vogais.
- Discriminar auditivamente e pronunciar sons de diferentes consoantes.
- Participar en conversas colectivas.
- Adquirir habilidades motrices: coordinación oculomanual, dominio e precisión no trazo.
- Familiarizarse co uso do ordenador e o EDI.
- Aprender palabras significativas en inglés.
- Comprender e reproducir textos de tradición oral.
- Identificar a diferenza entre ruído e silencio vivíndoos.
- Dramatizar sons, movementos e posturas propios de diferentes animais.
- Adquirir habilidades nas técnicas plásticas: debuxo, recortado e pegado.
- Discriminación de cores

CONTIDOS

- Comprensión de ordes sinxelas.
- Interpretación e ordenación de imaxes.
- Normas que rexen o intercambio lingüístico: atención, quenda de palabra...
- Interpretación de cancións.
- Achegamento á literatura infantil mediante a comprensión, reprodución e recreación de textos sinxelos, contos e poemas.
- Vocabulario relacionado coas aves, o outono, o Nadal.
- Grafía e son das vogais.

- Discriminación auditiva e pronunciación de sons de diferentes consoantes.
- Relación dos sons de algunhas consoantes coa súa grafía.
- Participación en conversas colectivas.
- Adquisición de habilidades motrices: coordinación oculomanual, dominio e precisión no trazo.
- Comprensión de adiviñas e refráns.
- Uso do ordenador e o EDI.
- Palabras significativas en inglés.
- Comprensión e reprodución de textos de tradición oral.
- Vivenciación, identificación e diferenciación entre ruído e silencio.
- Dramatización de sons, movementos e posturas propios de diferentes animais.
- Discriminación de cores.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Comprende ordes sinxelas.
- Interpreta e ordena imaxes.
- Respecta as normas que rexen o intercambio lingüístico: atención, quenda de palabra...
- Coñece e interpreta cancións.
- Achégase á literatura infantil comprende, reproduce e recrea textos sinxelos de contos e poemas.
- Adquiriu vocabulario relacionado coas aves, o outono, o Nadal.
- Recoñece a grafía e o son das vogais.
- Discrimina auditivamente os sons dalgunhas consoantes.

- Participa en conversas colectivas.
- Adquiriu habilidades motrices: coordinación oculomanual, dominio e precisión no trazo.
- escoita e comprende adiviñas e refráns.
- Familiarizouse co uso do ordenador e o EDI.
- Aprendeu palabras significativas en inglés.
- Comprende e reproduce textos de tradición oral.
- Identifica a diferenza entre ruído e silencio vivíndoos.
- Dramatiza sons, movementos e posturas propios de diferentes animais.
- Adquiriu habilidades nas técnicas plásticas: debuxo, recortado e pegado.
- Discrimina as cores básicas e utilízalas nas súas producións plásticas.

4.2. 2º TRIMESTRE: DA CABEZA AOS PÉS

Neste proxecto abordaremos o tema do corpo humano, tanto dende o punto de vista das súas partes externas e internas como o seu coidado, con especial importancia a certos aspectos da educación para a saúde.

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

OBXECTIVOS

- Identificar os segmentos e órganos do corpo.
- Tomar conciencia dos diferentes sentidos e a información que nos aportan.
- Explorar e coñecer o seu corpo identificando as súas posibilidades.
- Desenvolver progresivamente hábitos relacionados co coidado da saúde.
- Tomar conciencia das necesidades do noso corpo.

- Recoñecer o exercicio e o descanso como aspectos importantes para a saúde.
- Tomar conciencia das diferenzas físicas entre o propio corpo e o dos demais, aceptándoas e respectándoas.
- Identificar as manifestacións das diferentes emocións e reproducilas a través da mímica.
- Reproducir posturas do corpo.
- Adquirir hábitos de alimentación saudable.
- Formarse unha imaxe axustada de si mesmo/a.
- Afianzar a coordinación oculo-manual nas habilidades motrices finas.
- Participar en xogos simbólicos.
- Iniciarse na colaboración co grupo de iguais, utilizando o diálogo para chegar a acordos.

CONTIDOS

- Partes do corpo.
- Exploración das propias capacidades motrices.
- Adquisición de hábitos de descanso, hixiene e alimentación axeitados.
- Aceptación e respecto fronte as diferencias individuais.
- Expresión de sentimentos e emocións a través do xesto.
- Reprodución de posturas do corpo.
- Exploración da realidade a través dos sentidos.
- Coordinación oculo- manual nas habilidades motrices de carácter fino.
- Participación en xogos simbólicos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identifica as diferentes partes do corpo.

- Explora as posibilidades de movemento do seu corpo, tomando conciencia das súas capacidades.
- Desenvolve progresivamente hábitos relacionados co coidado da saúde.
- É consciente das necesidades do noso corpo.
- Toma conciencia das diferenzas físicas entre o seu corpo e o dos demais, aceptándoas e respectándoas.
- Expresa sentimentos e emocións a través do seu corpo e comprende o que expresan os demais.
- Reproduce posturas do corpo.
- É capaz de comunicar a información recibida a través dos diferentes sentidos.
- Afianza a coordinación oculo-manual en situacións que implican a motricidade fina.
- Participa en xogos simbólicos.
- Utiliza o diálogo para chegar a acordos cos demais.

COÑOCEMENTO DO CONTORNO

OBXECTIVOS

- Realizar seriacións de obxectos segundo o tamaño.
- Comprender e empregar os conceptos goso, delgado, cerca, lonxe / enteiro, cheo e baleiro.
- Ordenar secuencias temporais.
- Asociar a cantidade e a grafía dos números 1, 2, 3, 4 e 5.
- Iniciarse na utilización dos números ordinais: 1º, 2º, 3º, 4º e 5º.
- Recoñecer a forma xeométrica do rectángulo.
- Relacionarse cos demais respectando as normas de convivencia.

- Coñecer o funcionamento do corpo humano.
- Recoñecer os cambios físicos nas persoas ao longo do tempo.
- Coñecer as tradicións do entroido.

CONTIDOS

- Observación, exploración e manipulación de obxectos, descubrimento das súas propiedades e establecemento de
- relacións entre eles.
- Conceptos de grosso, delgado, cerca, lonxe, baleiro e cheo.
- Seriación atendendo ao tamaño e forma.
- Ordenación de secuencias temporais.
- Asociación da cantidade e a grafía dos números 1, 2, 3, 4 e 5.
- Iniciación na utilización dos números ordinais: 1º, 2º, 3º, 4º e 5º.
- Identificación da forma rectangular.
- Conciencia dos cambios físicos nas persoas ao longo do tempo.
- Coñecemento e participación nas tradicións do entroido.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Observa, explora e manipula obxectos e coleccións de obxectos, descubrindo as súas propiedades e establecendo relacións entre eles.
- Recoñece e discrimina os conceptos: grosso, delgado, cerca, lonxe, cheo e baleiro..
- Realiza series atendendo á forma e tamaño.
- Ordena secuencias temporais.
- Asocia a cantidade e a grafía dos números 1, 2, 3, 4 e 5.
- Iniciouse na utilización dos números ordinais: 1º, 2º, 3º, 4º e 5º.
- Recoñece a forma xeométrica do rectángulo.

- Recoñece os cambios físicos nas persoas ao longo do tempo.
- Coñece e participa nas tradicións do entroido.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

- Adquirir vocabulario relacionado co corpo, os alimentos, e o entroido.
- Respetar as normas que rexen o intercambio lingüístico: atención, quenda de palabra...
- Achegarse á literatura infantil comprendendo, reproducindo e recreando textos sinxelos.
- Relacionar os sons dalgunhas consoantes coa súa grafía.
- Comprender e reproducir textos de tradición popular.
- Describir ordenadamente, coa axuda de imaxes ou sen elas, diferentes feitos ou situacións que se suceden no tempo de forma habitual.
- Aprender palabras significativas en inglés.
- Coñecer e interpretar cancións.
- Gozar do baile e xogos danzados.
- Debuxar a partir da observación directa.
- Gozar coas actividades artísticas.
- Explorar as posibilidades de expresión artística, respectando as producións alleas.
- Avanzar no dominio do ordenador e o EDI.

CONTIDOS

- Vocabulario relacionado co corpo os alimentos o Antroido e as estacións.
- Normas que rexen o intercambio lingüístico: atención , quenda de palabra...

- Achegamento á literatura infantil e comprensión, reprodución e recreación de textos sinxelos.
- Asociación dos sons dalgunhas consoantes coa súa grafía.
- Exercicio da memoria e a atención.
- Descrición ordenada de feitos ou situacións que se suceden no tempo de forma habitual.
- Palabras significativas en inglés.
- Interpretación de cancións.
- Confianza nas actividades que impliquen expresión corporal.
- Debuxo a partir da observación directa.
- Gozo coas actividades artísticas.
- Interese polo uso do ordenador e o EDI.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Adquiriu vocabulario relacionado co corpo, os alimentos...
- Respecta as normas que rexen o intercambio lingüístico: atención, quenda de palabra...
- Relaciona os sons dalgunhas consoantes coa súa grafía.
- Comprende e reproduce textos de tradición popular.
- Describe ordenadamente, coa axuda de imaxes ou sen elas, diferentes feitos ou situacións que se suceden no tempo de forma habitual.
- Lembra e utiliza palabras significativas en inglés.
- Coñece e interpreta cancións.
- Goza do baile e xogos danzados.
- Debuxa a partir da observación directa.
- Goza coas actividades artísticas.

- Explora as posibilidades de expresión artística, respectando as producións alleas.
- Avanza no dominio do ordenador e o EDI.

4.3. 3º TRIMESTRE: “DE SEMENTE A ÁRBORE”

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

OBXECTIVOS

- Manifestar vivencias e sentimentos.
- Expresar os propios gustos.
- Adquirir hábitos de convivencia positiva cos demais.
- Identificar as características, calidades e limitacións persoais, desenvolvendo unha imaxe positiva de si mesmo/a.
- Avanzar no control dos movementos do corpo.
- Valorara a alimentación saudable como parte fundamental do coidado da nosa saúde.
- Adquirir hábitos de organización, constancia, iniciativa e esforzo.
- Ter unha imaxe positiva de si mesmo/a a través do coñecemento e
- Identificar as pezas de vestir apropiadas para o verán.

CONTIDOS

- Expresión de gustos, vivencias e sentimentos.
- Hábitos de convivencia positiva cos demais.
- Identificación das características, calidades e limitacións persoais.
- Coñecemento, identificación e respecto por outras formas de vida, hábitos e costumes.
- Progresivo control dos movementos do corpo.

- Hábitos de organización, constancia, iniciativa e esforzo.
- Coñecemento e valoración das características persoais e das propias capacidades e limitacións.
- Valoración dos cuidados do corpo coa chegada do verán.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Expresa vivencias, sentimentos e gustos.
- Manifesta hábitos de convivencia positiva cos demais.
- É consciente das súas posibilidades e limitacións, aceptándoas de xeito positivo.
- Recoñece as diferencias persoais, aceptando aos demais.
- Avanza no control dos movementos do corpo.
- É quen de manter a orde, atención e esforzo nas distintas tarefas e actividades.
- É consciente dos cuidados necesarios para o corpo coa chegada do verán.
- Coñece e respecta as normas de convivencia establecidas na casa e no colexio.

COÑOCIMENTO DO CONTORNO

OBXECTIVOS

- Asociar a cantidade e a grafía dos números 1, 2, 3,4, 5 e 6.
- Iniciarse na utilización dos números ordinais: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º.
- Recoñecer e discriminar os conceptos: enriba, debaixo, máis e menos, aberto e pechado, iguais e diferentes e recto e curvo.
- Descubrir as propiedades dos obxectos mediante a experimentación activa, establecendo relacións entre eles.

- Identificar os membros da propia familia.
- Coñecer e valorar distintos modelos de unidade familiar.
- Identificar distintas profesións e as ferramentas que utilizan.
- Valorara a lingua galega como parte fundamental da nosa riqueza cultural.
- Identificar a orixe de diferentes alimentos.
- Diferenciar as partes das plantas, recoñecendo as diferencias entre plantas e árbores.
- Valorar as actividades de lecer ao aire libre como momento de ocio e desfrute.

CONTIDOS

- Asociación da cantidade e a grafía dos números 1, 2, 3, 4, 5 e 6.
- Utilización dos números ordinais: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º.
- Discriminación dos conceptos: enriba, debaixo / máis, menos/ aberto, pechado / iguais, diferentes, recto e curvo.
- Experimentación das propiedades dos obxectos e establecemento de relacións entre eles.
- Os membros da familia.
- Respecto cara diferentes modelos familiares.
- Identificación de diferentes profesións e as ferramentas que utilizan.
- Valoración da diversidade lingüística como fonte de riqueza cultural.
- Actitude positiva e desfrute cara as actividades de lecer ao aire libre.
- Identificación das necesidades e partes das plantas.
- Clasificación dos alimentos segundo a orixe vexetal ou animal.
- Observación directa e sistemático do medio natural.
- Interese cara a participación de festas de orixe cultural.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Asocia a cantidade e a grafía dos números 1, 2, 3,4, 5 e 6.
- Comeza a utilizar os números ordinais: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º.
- Recoñece e verbaliza os conceptos: enriba, debaixo, máis e menos, aberto e pechado, iguais e diferentes e recto e curvo.
- Descubre as propiedades dos obxectos mediante a experimentación activa, establecendo relacións entre eles.
- Identifica os membros da propia familia.
- Coñece e valora a existencia de distintos modelos de unidade familiar.
- Identifica distintas profesións e as ferramentas que utilizan.
- Valora a lingua galega como parte fundamental da nosa riqueza cultural.
- Clasifica alimentos segundo a súa orixe.
- Diferencia as partes das plantas e diferencia entre plantas e árbores.
- Valora as actividades de lecer ao aire libre como alternativa de ocio e desfrute.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

- Adquirir vocabulario relacionado cos temas trabalados.
- Expresar oralmente vivencias e sentimentos persoais.
- Recoñecer e relacionar palabras iguais.
- Relacionar, intuitivamente, a linguaxe oral coa linguaxe escrita.
- Describir imaxes.
- Respetar as normas que rexen o intercambio lingüístico: atención, quenda de palabra...

- Descubrir e identificar os elementos básicos da linguaxe escrita, por medio da interpretación e reprodución de imaxes.
- Valorar a linguaxe escrita como medio de información e comunicación.
- Achegarse á literatura infantil comprendendo, reproducindo e recreando textos sinxelos.
- Aprender palabras significativas en inglés.
- Descubrir e utilizar coordinadamente as súas posibilidades motrices e sensitivas, axeitándoas ás diversas actividades cotiás, lúdicas e de expresión.
- Utilizar a linguaxe corporal como ferramenta para a dramatización de accións.
- Coñecer e interpretar cancións.
- Achegarse a textos tradicionais en lingua galega.
- Ampliar as súas posibilidades expresivas mediante técnicas musicais, plásticas e corporais.
- Utilizar a linguaxe plástica como medio para a expresión de vivencias e ideas.
- Valorar as propias producións artísticas, respectando as dos demais.
- Iniciarse no uso do ordenador como ferramenta para a busca de información.

CONTIDOS

- Vocabulario relacionado cos temas traballados.
- Expresión oral de vivencias e sentimentos persoais.
- Recoñecemento de palabras iguais.
- Descrición de imaxes.

- Participación en conversas grupais respectando as normas básicas de diálogo.
- Relación dos sons de algunhas consoantes coa súa grafía.
- Desubrimento dos elementos básicos da linguaxe escrita.
- Valoración da linguaxe escrita como medio de información e comunicación.
- Achegamento á literatura infantil, comprensión, reprodución e recreación de textos sinxelos.
- Emprega palabras significativas en inglés.
- Dramatización de distintas accións, profesións...
- Interpretación de ritmos e cancións.
- Uso da linguaxe plástica como medio de expresión de ideas.
- Actitude positiva fronte as propias producións artísticas, respectando as dos demais.
- Gozo coa música e bailes.
- Uso das novas tecnoloxías como fonte de información.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Adquiriu vocabulario relacionado cos temas traballados.
- Expresa oralmente vivencias e sentimentos persoais.
- Recoñece e asocia palabras iguais.
- Intúe a relación entre fonemas e letras.
- Describe imaxes a través da lingua oral.
- Respecta as normas que rexen o intercambio lingüístico: atención, quenda de palabra...
- Relaciona os sons de algunhas consoantes coa súa grafía.

- Descubriu e identifica os elementos básicos da linguaxe escrita, por medio da interpretación e reprodución de imaxes.
- Valora a linguaxe escrita como medio de información e comunicación.
- Achegouse á literatura infantil comprendendo, reproducindo e recreando textos sinxelos.
- Utiliza palabras significativas en inglés.
- Representa accións a través da linguaxe corporal.
- Coñece e interpreta pequenas cancións.
- Desfruta coas actividades que implican expresión a través de linguaxes artísticas.
- Exprésase con confianza nas propias producións, respectando as alleas.
- Utiliza e valora as novas tecnoloxías como fonte de información.

5. METODOLOXÍA

Para deseñar esta proposta partín das liñas xerais recollidas no Proxecto Educativo co fin de garantir a máxima continuidade e coherencia entre etapas; así como nas orientacións recollidas no Decreto 330/2009 do 4 de xuño respecto á flexibilidade na organización de espazos e tempos, a diversidade e adaptabilidade dos materiais; a función do mestre como guía e mediador no proceso, a importancia dun ambiente de seguridade e afectividade, o papel activo do alumnado, o xogo como recurso educativo básico nesta etapa, a apertura ao entorno...

Ademais, terei en conta outros principios educativos tamén presentes, de forma implícita ou explícita, no currículo actual, moitos deles orixinarios do movemento

da Escola Nova, como os principios de individualización, globalización, socialización, respecto ao nivel psicomadurativo...

Partindo destas orientacións e influencias, a intervención educativa que pretendo levar a cabo pretende promover no meu alumnado unha serie de aprendizaxes significativas, polo que seguindo a Ausubel, partirei dos seus intereses e coñecementos previos, facilitando o establecemento de relacións significativas e duradeiras entre os distintos contidos. Para iso, terei sempre presente o respecto ao nivel psicomadurativo do alumnado, seguindo as teorías de Vigotsky, xa que non abonda con dispoñan de coñecementos previos que se poidan relacionar coas novas aprendizaxes, senón que estes obxectivos e contidos deben estar ao seu alcance tendo en conta o seu estadio evolutivo e experiencias previas, é dicir, actuando na Zona de Desenvolvemento Próximo.

Nesta etapa, o pensamento infantil caracterízase por ser concreto e egocéntrico, polo que os contidos están secuenciados partindo do mais concreto e próximo ao mais abstracto e descoñecido. Por ese mesmo motivo, as actividades estarán baseadas na observación, a exploración a través dos distintos sentidos e a experimentación; xa que o pensamento a estas idades segue a estar moi ligado á manipulación física dos obxectos.

Outro principio fundamental para favorecer aprendizaxes significativas é a globalización, polo que a intervención educativa está deseñada de forma que os contidos das tres áreas e dos diferentes tipos (conceptuais, procedimentais e actitudinais), así como as competencias básicas e a educación en valores, se traballen do forma integrada e interrelacionada, favorecendo o establecemento de relacións significativas entre eles, a partir de situacións globais e que conecten cos intereses do alumnado como defende Decroly.

Dende logo, o anterior non é posible se a atención á diversidade non está presenta en todos os aspectos da programación e da súa posta en práctica na aula. Por iso, prestarase atención ás diferencias individuais e canto a nivel de competencia, intereses, estilos cognitivos...; respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e necesidades. Para que sexa posible, a posta en práctica da programación estará presidida por altas doses de flexibilidade, que permita que todo o alumnado desenvolva as capacidades recollidas nos obxectivos en base ás súas posibilidades individuais.

Tendo en conta o anterior, queda claro o papel protagonista no proceso de ensino-aprendizaxe correspóndelle ao alumnado, que desempeñará un papel activo e principal no seu propio desenvolvemento e aprendizaxe. O meu, será polo tanto o de orientadora e guía neste proceso, actuando como mediadora entre os nenos e nenas e o entorno, ofrecéndolles situacións e experiencias axeitadas para o desenvolvemento de todas as súas capacidades.

En canto á planificación dos espazos e os tempos estará presidida polo principio de flexibilidade, buscando dar resposta ás diferentes necesidades dos nenos e nenas nos distintos momentos, contribuindo á socialización, experimentación, actividade... Por iso, o espazo físico está distribuído en diferentes zonas, permitindo a utilización de distintos tipos de agrupamentos e o desenvolvemento das distintas capacidades. Os materiais estarán organizados en función da zona de utilización e cumprindo os criterios de calidade, seguridade e variedade. En canto aos tempos, co obxectivo de respectar os ritmos biolóxicos estarán organizados en períodos breves e que alternen a actividade libre coa dirixida, a atención máis individual con agrupamentos que faciliten a relación co grupo de iguais, momentos de descanso con outros de maior actividade...

Relacionado co anterior e co a fin de aportar seguridade ao alumnado ao mesmo tempo que se contribúe a desenvolver a orientación temporal, a autonomía e a asunción de responsabilidades, na organización temporal terán un papel fundamental as rutinas diarias, destacando os momentos de entrada e saída, a asemblea, a hora da merenda... Outra rutina á que reservarei un momento diario é a lectura de contos, cuxo potencial educativo nesta etapa destácase no actual currículo e que contribuirá á aproximación dos nenos e nenas á lectura de forma lúdica e motivadora.

En relación co anterior, sinalar que tamén prestarei atención á iniciación e desenvolvemento no uso das novas tecnoloxías (ordenadores, encerado dixital, recursos interactivos...) seguindo o recollido no Plan TICS.

Pero se hai un recurso que vai ser fundamental nesta intervención é o xogo, motor de desenvolvemento principal nesta etapa, tratando de que todas as actividades estean presididas por un carácter lúdico, que permita integrar aprendizaxes e contribúa á motivación, e a afectividade, buscando un clima de seguridade e confianza no que todo o alumnado se sinta querido e aceptado, favorecendo a progresiva construción dun autoconcepto positivo e o desenvolvemento da autonomía e autoestima positiva.

Seguindo o enfoque LOE, o traballo da educación en valores e das competencias básicas estará presente de forma constante na aula, especialmente a través das rutinas e as normas de funcionamento e organización da clase. Sempre partindo do respecto á diversidade, prestarei especial atención á adquisición de valores e actitudes de tolerancia, respecto á diferencias, igualdade, resolución pacífica de conflitos... que contribúan á integración de todo o alumnado e favorezan un mellor clima de aula.

Por último, destacar a importancia de que exista unha colaboración e cooperación constante entre familia e escola, xa que representan os dous ámbitos principais de desenvolvemento dos nenos e nenas destas idades. Para iso, existen unha serie de modos de relación a nivel de centro pero ademais, como titora dun grupo-clase desempeñarei o papel de enlace nesta relación, que facilitarei a través de diferentes vías de comunicación e relación como entrevistas persoais, a reunión xeral de inicio de curso...

6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias básicas son un elemento curricular introducido pola LOE coa fin de promover un cambio no modelo educativo, encamiñándoo cara o aprender a aprender e aprender facendo. Entendémolos como a capacidade de pór en práctica de xeito integrado os diferentes coñecementos adquiridos en contextos diferentes á situación de aprendizaxe, relacionándose directamente co principio de aprendizaxe significativa, pilar fundamental do currículo actual. Segundo o que se recolle no Decreto 330/2009 do 4 de xuño, non son prescritivas para a etapa de Infantil, pero si necesario o seu traballo dende o inicio da escolarización para favorecer a continuidade e coherencia do proceso de adquisición ao longo das distintas etapas.

A lei establece oito competencias básicas, que impregnarán e guiarán o currículo, traballándose de forma globalizada coas tres áreas e estando presentes na vida diaria da aula, tanto en actividades concretas como na realización das rutinas básicas. A continuación, recollo as oito competencias básicas, así como exemplos de actividades que contribuirán ao seu desenvolvemento na aula:

- A **competencia en comunicación lingüística** refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación, representación da realidade e organización do pensamento. Desenvolverase mediante o uso das diferentes linguaxes e formas de expresión en situación diversas: asembleas, iniciación na lecto-escritura, dramatizacións, lectura de contos...
- A **competencia matemática** refírese á habilidade para empregar e relacionar números, realizar operacións básicas, identificar figuras xeométricas, establecer relacións espazo-temporais... Traballarase tanto en actividades concretas de clasificación, conteo, seriación, cálculo...; como a través das rutinas e aproveitando calquera situación que permita a utilización contextualizada do pensamento lóxico para resolver problemas reais.
- A **competencia no coñecemento e interacción co mundo físico** fai referencia á habilidade para interactuar co contorno físico, dende unha actitude de respecto e conservación e a iniciación no uso do método científico para a interpretación da realidade e a toma de decisións. Contribuirase ao seu desenvolvemento mediante actividades que impliquen a observación, experimentación, formulación de hipóteses...; así como distintas saídas ao medio natural e social.
- A **competencia no tratamento da información e dixital** consiste en dispor de habilidades de procura, procesamento e comunicación de información de xeito autónomo e cunha actitude crítica, así como o manexo das TICS. Na aula realizaranse actividades que impliquen buscar, seleccionar e recompilar información sobre diversos temas e

tamén a elaboración de táboas de rexistro, gráficos sinxelos... e o traballo con diferentes tecnoloxías (presentacións multimedia, encerado dixital, xogos interactivos, gravacións...).

- A **competencia social e cidadá** posibilita comprender a realidade social, cooperar, convivir e exercer unha cidadanía democrática e responsable, expresando as propias ideas e respectando as dos demais. Servirán como recurso para o traballo destas habilidades: o establecemento de normas consensuadas, adquisición das pautas sociais básicas, traballo na eliminación de estereotipos sexistas, resolución de conflitos mediante a negociación e o diálogo...
- A **competencia cultural e artística** supón coñecer, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, o que implica o desenvolvemento de capacidades perceptivas e estéticas. Estas favoreceranse mediante a aproximación a obras plásticas e musicais, a celebración de festas tradicionais, actividades de expresión a través de diferentes linguaxes que favorezan a creatividade...
- A **competencia para aprender a aprender** implica a capacidade de continuar aprendendo de xeito eficaz, supoñendo tomar conciencia das propias capacidades e do que se precisa aprender. Para contribuir a este desenvolvemento levaremos a cabo actividades orientadas á motivación cara a aprendizaxe, planificación de tarefas a realizar... coa posta en práctica de pequenos proxectos e investigacións. Ademais, realizaranse actividades en pequeno grupo cooperativo que axuden á progresiva realización de aprendizaxes significativas con progresiva autonomía.

- E a **autonomía e iniciativa persoal**, referida ao desenvolvemento de diferentes aspectos como o autocoñecemento, a responsabilidades, o control emocional, a autoestima...; así como a levar a cabo as accións precisas para desenvolver opcións ou proxectos persoais. A realización das rutinas básicas (poñer o mandilón, lavar as mans, quendas para a realización de distintas tarefas, recollida do material....) será fundamental para a mellora da autonomía e a asuncións de pequenas responsabilidades. En canto a iniciativa persoal, facilitarase que o alumnado leve á práctica ideas propias, valorando a súa iniciativa e apoiándoo na realización de pequenos proxectos.

7. AVALIACIÓN

Como titora dun grupo de alumnos e alumnas, correspóndeme a tarefa de coordinar a súa avaliación, é dicir, de reunir a información proporcionada polo equipo docente e deixar constancia das observación e valoración relacionadas co proceso de ensino-aprendizaxe, así como das medidas de reforzo e adaptación realizadas.

7.1. Momentos

O referente legislativo fundamental neste apartado son o Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que establece o currículo da EI e a Orde do 25 de xuño de 2009 que regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo da EI en Galicia, onde se destaca o enfoque continuo da avaliación. Isto esixe que esta se realice en diferentes momentos, de forma que permita non só avaliar o resultado final, senón coñecer tamén a situación de partida e analizar e modificar

continuamente o proceso de intervención educativa. Por iso, levarei a cabo a avaliación en tres momentos fundamentais:

- **Avaliación inicial:** Adicarei os primeiros días do curso a realizar actividades de carácter lúdico que me axuden a o punto evolutivo no que se atopa o alumnado que serva de partida para a intervención ao longo do curso escolar. Complementarei esta información coas achegas procedentes das familias e a información recollida nos informes de avaliación do curso anterior.
- **Avaliación continua:** Estará presente ao longo de todo o proceso educativo co fin de axustar continuamente a intervención ás capacidades e necesidades do alumnado.
- **Avaliación final:** Recollerá os datos mais relevantes obtidos da avaliación continua, así como o grao de consecución dos obxectivos establecidos. Realizarase ao final de cada proxecto trimestral, así como ao finalizar o curso.

Cabe destacar aquí a realización de catro sesións de avaliación ao longo do curso: unha inicial e outra ao final de cada trimestre. Coincidindo coa fin de cada avaliación remitirei ás familias un informe escrito elaborado mediante a selección dos obxectivos mais relevantes de cada trimestre na plataforma XADE.

7.2. Instrumentos

Á hora de levar a cabo este proceso, utilizarei diferentes instrumentos de avaliación, entre os que destacan a observación directa e sistemática do alumnado en diferentes situacións e momentos educativos. Outros instrumentos e fontes de información para a avaliación son o análise das producións infantís, as entrevistas coas familias, información aportada polo resto de profesorado...

7.3. Avaliación da programación e da práctica docente.

A avaliación da programación non pode referirse unicamente ao nivel de adquisición de aprendizaxes do alumnado, senón que debe incluír tamén a miña práctica docente, abarcando todos os compoñente do proceso de ensino-aprendizaxe. Por iso, ao longo de toda a posta en práctica terei presente unha serie de aspectos, partindo das orientacións recollidas na Orde do 25 de xuño de 2009:

- Acádanse os obxectivos propostos.
- A planificación de espazos e tempos é axeitada, respecta as diferentes necesidades, permite a atención á diversidade e favorece a socialización.
- A selección de materiais é axeitada.
- As actividades son coherentes, permitindo a consecución dos obxectivos.
- A programación das actividades permite o mellor aproveitamento dos recursos humanos e materiais.
- A proposta metodolóxica é axeitada e coherente.
- Hai suficientes vías de participación e comunicación coas familias e funcionan correctamente.
- Existe coordinación dentro do ciclo e as actuacións son coherentes co recollido no PE.

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Destacan neste sentido a presenza na aula dun neno recentemente diagnosticado cun TEA. Esta previsto que reciba sesións de apoio por parte das mestras especialistas de PT e AL tanto dentro como fóra da aula. Actualmente presenta unha moi boa evolución que fai que non precise da adaptación nos

obxectivos, contidos e criterios de avaliación; pero si de certos apoios que lle permitan a maior accesibilidade posible á actividades propostas. Entre estas medidas destacan o apoio durante a realización de tarefas e medidas organizativas que lle axuden na anticipación e comprensión do que sucede na aula (horario pictográfico, códigos de cores, diferenciación das zonas da aula mediante elementos visuais...).

Outros dos alumnos está en proceso de valoración externa por un posible caso de TEL. Foi valorado no centro o curso pasado e está previsto que poida contar cunha sesión semanal coa especialista de AL. Ademais, prestarei especial atención á evolución da adquisición da linguaxe oral, reforzándoa con xogos, narracións, actividades de expresión... aproveitando especialmente os momentos mais ligados a este ámbito (conto, asemblea...) nos que tentarei fomentar e reforzar a súa participación. Por último, en colaboración co DO proporcionaráselle á familia pautas para que poidan apoiar esta intervención na casa e favorecerase a comunicación continuada que permita establecer logros acadados e orientacións para seguir avanzando.

A maiores deste alumnado, terei moi presente a atención á diversidade de todo o alumnado, tendo sempre en conta as características individuais de cada neno e nena, comprendendo que os intereses, capacidades e ritmos madurativos e de aprendizaxe varían moito entre as persoas, especialmente a estas idades e han de ser respectados e tidos en conta á hora de programar, levar a cabo e avaliar as diferentes actividades. Por elo, recursos como a organización espazo-temporal ou a utilización de diferentes formas de agrupamento van a estar caracterizadas por un alto grao de flexibilidade que me permita adecuarme ás capacidades e necesidades de cada un dos meus alumnos e alumnas. Tamén

paréceme fundamental á hora de programar e deseñar as distintas actividades ter presente a perspectiva do Deseño Universal da Aprendizaxe, polo que intentarei ofrecer sempre situacións e experiencias que permitan que cada un dos nenos e nenas poidan desenvolver as súas capacidades na medida das súas posibilidades con éxito, resultando enriquecedoras e positivas para todos e todas.

Ademais, prestarei especial atención a aqueles aspectos da avaliación que poidan aportar información acerca da evolución persoal de cada un dos nenos e nenas, coa fin de adaptar a miña práctica educativa aos diferentes ritmos e niveis e detectar posibles necesidades de reforzo que poidan xurdir.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Por mor da situación sanitaria actual é complicada a realización de actividades complementarias e extraescolares, limitándonos en principio á participación na conmemoracións e celebracións do centro establecidas na Orde de calendario para o curso 2021-2022 do 19 de maio de 2021 a nivel de aula e algunha saída ao entorno natural do centro; evitando visitas e saídas nas que o alumnado poida ter contacto con outras persoas.

10. ADAPTACIÓN AO ENSINO TELEMÁTICO

En caso de confinamento, corentena,,, ou calquera outra situación que implique perda da presencialidade, atereime ao establecido no “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”.

Dada a idade do meu alumnado, non teñen a autonomía necesaria para que o proceso de ensino sexa totalmente telemático, xa que a capacidade de atención

sostida é limitada e requiren da presenza dun adulto en todo momento. Ademais, hai que ter en conta que non todos os fogares dispoñen dos medios necesarios para levar a cabo as mesmas actividades que no centro. Por iso, tentarei adaptarme a cada situación, prestando en cada caso a axuda necesaria para levar a cabo o proceso de ensino aprendizaxe do alumnado.

As tarefas a realizar para dar continuidade ao proceso de adquisición de contidos e competencias serán presentadas na aula virtual do centro, no curso creado para a miña aula, sempre lúdicas e motivadoras procurando que sexan sinxelas de comprender para que as familias poidan axudar aos nenos/as.

Ademais, mantereirei un estreito contacto cos nenos/as e coas familias, a través de chamadas telefónicas e videoconferencias na medida do posible.

11. REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación e a súa modificación, a Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro.
- Real Decreto 1630/2006 do 29 de decembro polo que se establecen as ensinanzas mínimas do 2º ciclo de Educación Infantil.
- Decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da EI en Galicia.
- Orde do 25 de xuño de 2009 polo que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo de EI en Galicia.
- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade nas cualificacións e o procedemento de reclamación ás cualificacións e decisións de promoción e titulación.

- Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade nos centros docentes da CA de Galicia.
- Orde do 19 de maio de 2021 pola que se establece o calendario escolar para o curso 2021-2022.
- Lei 3/1983 do 15 de xuño de Normalización Lingüística.
- Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino.